

CONCURSO

Auga=Vida: doce, limpa e potable

Concurso escolar de microrrelatos

Día Mundial da Auga

Do 18 de marzo

ao 1 de abril de 2024



Máis información:



CONCURSO

Auga=Vida: doce, limpa e potable

Concurso escolar de microrrelatos

Día Mundial da Auga
Do 18 de marzo
ao 1 de abril de 2024



Universidade de Vigo

Bases

No marco do plan anual de actividades da Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) da Universidade de Vigo «Ciencia de ida e volta», que conta coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, convócase a primeira edición do concurso escolar de microrrelatos «Auga = Vida: doce, limpa e potable» de acordo coas seguintes bases.

Esta acción forma parte das actividades deseñadas pola UCC+i da UVigo para conmemorar o **Día Mundial da Auga**, que se celebra cada ano o 22 de marzo. Esta iniciativa global, avalada polas Nacións Unidas, ten a finalidade de difundir a relevancia da auga doce para o noso planeta e a necesidade de combater a súa escaseza en todo o mundo.

Requisitos

1. Poderá participar o alumnado de 5.º e 6.º de primaria, ESO e bacharelato de centros de toda Galicia.
2. O traballo presentado ao concurso deberá ser orixinal e inédito.
3. O microrrelato non puido ter sido premiado con anterioridade.
4. A obra deberá estar escrita en galego.
5. A extensión do relato será dun máximo de 200 palabras.
6. O tema do relato será a importancia da auga doce para a vida.
7. Cada concursante poderá enviar cantos orixinais da súa propia autoría desexa.
8. O **prazo de presentación** das obras abrirase o **18 de marzo** e pecharase o **1 de abril** de 2024.

Formato e entrega

- A entrega dos textos farase por correo electrónico a ucc@uvigo.gal.
- O texto debe ir nun adxunto, en formato PDF, sen datos persoais do autor ou autora.
- Asunto: «Participación no concurso escolar de microrrelatos», e indicar a categoría.
- No corpo do correo si que se indicarán o nome, apelidos, DNI e un teléfono de contacto.

Xurado e criterios de valoración

As persoas gañadoras serán elixidas por un xurado profesional composto por un mínimo de tres persoas vinculadas á comunicación, á divulgación e á educación.

A decisión anunciarase o **5 de abril de 2024** e será definitiva e inapelable. A decisión comunicaráselles aos gañadores e gañadoras persoalmente e publicaráse a través das redes sociais e da páxina web da UCC+i e da Universidade de Vigo.

As gañadoras e gañadores menores de idade terán que achegar, con posterioridade á resolución do concurso, unha autorización asinada pola persoa representante legal deles ou delas.

Os criterios de valoración serán comúns para todas as categorías:

- **Contido** (máximo 4 puntos): valorarase a calidade literaria do microrrelato, atendendo sobre todo á redacción e ao emprego adecuado da ortografía e da gramática.
- **Creatividade** (máximo 4 puntos): uso innovador de recursos literarios, estratexias ou técnicas que enriquezan o contido.
- **Calidade divulgativa** (máximo 2 puntos): valorarase que o público ao que se dirixa aprenda algo ou poida concienciarse da importancia da auga doce para a vida de todas as persoas.

Premios

O concurso contará con tres premios, un por categoría (primaria, ESO e bacharelato), cada un valorado en arredor de 250 euros, e consistirá nunha experiencia lúdica relacionada coa auga.

O xurado poderá declarar deserto calquera premio.

Consideración final

Os traballos presentados en todas as modalidades poderán publicarse nos medios dixitais da UCC+i e da UVigo. Estas obras poderán editarse para a súa publicación, sempre consensuando as modificacións coas autoras ou autores.

A participación no concurso implica a plena conformidade e a aceptación destas bases e a cesión por parte do autor ou autora, en exclusiva e con carácter gratuíto, a favor da UVigo, de todos os dereitos de explotación da obra.

Política de protección de datos

Os datos persoais solicitados recóllense coa única e exclusiva finalidade de permitir e facilitar a participación neste concurso e poder comunicarlles o seu resultado ás persoas participantes no tempo e na forma.

Estes datos son recollidos e tratados pola Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo. Máis información sobre protección de datos e dereitos dixitais:

- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Información sobre protección de datos da Universidade de Vigo:
<https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.